

Secretaría Xeral de Educación e Formación Profesional Admisión Formación Profesional 2021-2022

Información importante. Cursos de especialización de FP

1. Requisitos de acceso

Estar en posesión dalgunha das titulacións de formación profesional establecidas na normativa que dean acceso a cada curso de especialización.

2. Documentación

A solicitude de admisión deberá ir acompañada da seguinte documentación:

- Copia do pasaporte ou do documento de identificación da Unión Europea, cando non se dispoña de DNI ou NIE.
- Certificación académica da titulación de formación profesional requirida para o acceso.
- Para persoas que teñan recoñecida unha discapacidade, documento de acreditación de tal condición, no caso de que non fora recoñecida en Galicia ou cando a persoa solicitante non autorice a súa consulta.
- Para deportistas de alto rendemento, documento de acreditación da condición de deportista de alto rendemento.

3. Presentación da solicitude

Deberase cubrir **unha única solicitude na que se poderá optar a dous cursos de especialización como máximo**, utilizando o asistente informático que estará dispoñible en www.edu.xunta.gal/fp. A aplicación avisará no caso de que fose necesario achegar documentación, que poderá engadirse en soporte electrónico. Non será necesario presentar o resguardo da solicitude nin a documentación nun centro, agás que a aplicación indique que para ser unha solicitude válida terá que ser entregada, xunto coa documentación necesaria, nun centro educativo con oferta de cursos de especialización sostida co fondos públicos, para ser selada, datada e validada.

No caso de se detectar erros na instancia validada, e só durante o prazo de presentación de solicitudes, poderán xerarse e validarse outra/s solicitude/s de admisión. Só se considerarán os datos da derradeira solicitude válida.

Os datos das solicitudes admitidas e excluídas publicanse nas listaxes de solicitudes provisional e definitiva, non son listaxes de prazas adxudicadas. Os datos de identificación serán substituídos por un código persoal de consulta (CPC) nas listaxes.

4. Adxudicación de praza

As prazas adxudicadas publicanse nas listaxes de adxudicación. As persoas con praza adxudicada poden:

- **Matricularse:** deberase facer no **centro adxudicado e nos prazos establecidos**. Estar matriculado en ESO, bacharelato ou FP (incluída a FCT), ou ter unha praza adxudicada de FP dual ou dun curso de especialización de FP implica a exclusión dos procesos de admisión a ciclos formativos.
- **Renunciar á praza adxudicada** (só no caso de 2ª petición): deberase facer, **nos prazos establecidos, no centro adxudicado**. A renuncia afectará á praza que lle foi adxudicada. Seguirase no proceso de adxudicación para o curso de especialización anterior á praza que se renuncia.
- **Non matricularse nin renunciar:** as persoas que non se matriculen nin renuncien a prazas adxudicadas no curso de especialización **quedarán excluídas de todos os procesos de admisión de formación profesional**.

5. Distribución de prazas por curso

Distribución das prazas dispoñibles para cada curso de especialización ao comezo do proceso de admisión:

| |
|--|
| Cota xeral 90% |
| Cota do 10% para persoas con discapacidade |
| Cota do 5% a maiores para deportistas de alto rendemento |

6. Participación noutros procesos de admisión de FP

As persoas que participen no procedemento de admisión e matrícula para os cursos de especialización tamén poderán realizar a solicitude de admisión a ciclos formativos e a FP dual.

As persoas admitidas (seleccionadas) para un curso de especialización quedarán excluídas do proceso de admisión a ciclos formativos no réxime ordinario, no réxime para as persoas adultas e en FP dual.

No caso de non seren admitidas (seleccionadas) en ningún curso de especialización poderán continuar no proceso de admisión xeral a ciclos formativos.

Estar matriculado/a en ESO, bacharelato ou FP (incluída a FCT) ou ter unha praza adxudicada de FP dual ou dun curso de especialización de FP, implica a exclusión dos procesos de admisión a ciclos formativos.

Período ordinario de admisión

| | |
|---|--|
| Presentación de solicitudes | 25 de xuño ás 9.00 ao 5 de xullo ás 13:00 horas |
| Publicación da listaxe provisional de solicitudes | 7 de xullo |
| Reclamación á listaxe provisional | 7 ás 9.00 ao 9 de xullo ás 13:00 horas |
| Publicación da listaxe definitiva de solicitudes | 20 de xullo |
| Publicación da adxudicación de prazas | 20 de xullo |
| Matriculación das persoas admitidas | 20 ás 9.00 ao 26 de xullo ás 13:00 horas |
| Adxudicación continuada (chamamento) | Do 28 ás 9.00 ao 30 de xullo ás 13.00 horas Do 1 ás 9.00 ao 11 de setembro ás 13.00 horas |

Nota: lémbrese que as persoas admitidas (seleccionadas) nun curso de especialización quedarán excluídas do proceso de admisión a ciclos formativos no réxime ordinario, no réxime para as persoas adultas e en FP dual.



Secretaría Xeral de Educación e Formación Profesional

Admisión Formación Profesional 2021-2022

- Cursos de especialización

Instrucións xerais

Versión 3 (Actualizado 24/06/2021)



Xacobeo 21-22

Lembre que a normativa prevalece sobre calquera outra información. Este documento contén información de carácter xeral extraída da normativa, polo que calquera dúbida ou contradición se resolverá atendendo á normativa vixente.



Índice

| | | |
|----|---|----|
| 1 | Introdución..... | 3 |
| 2 | Requisitos de acceso nos cursos de especialización..... | 4 |
| 3 | Distribución das prazas dispoñibles..... | 7 |
| 4 | Criterios de prioridade e criterios de desempate..... | 7 |
| 5 | Prazo de inscrición..... | 8 |
| 6 | Presentación de solicitudes..... | 9 |
| 7 | Documentación complementaria..... | 10 |
| 8 | Información e publicación de listaxes..... | 11 |
| 9 | Prazo ordinario de presentación de solicitudes..... | 11 |
| 10 | Listaxe provisional de solicitudes e reclamacións..... | 11 |
| 11 | Listaxe definitiva de solicitudes..... | 11 |
| 12 | Adxudicación de prazas e matrícula..... | 11 |
| 13 | Liberación de prazas..... | 12 |
| 14 | Remate do procedemento de admisión e matrícula..... | 12 |
| 15 | Número mínimo de solicitudes de matrícula..... | 12 |
| 16 | Acceso mediante titulacións estranxeiras..... | 12 |
| 17 | Normativa relacionada..... | 12 |





1 **Introdución**

O Real decreto 1147/2011, do 29 de xullo, polo que se establece a ordenación xeral da formación profesional do sistema educativo, regula no seu artigo 27 os cursos de especialización de formación profesional e indica os requisitos e as condicións a que deben axustarse os devanditos cursos.

No vindeiro curso 2021-2022 amplíase a oferta existente de cursos de especialización de formación profesional en Galicia.

Só poderán acceder aos cursos de especialización as persoas que cumpran o requisito de estar en posesión dalgunha das titulacións de Formación Profesional recoñecidas para o acceso na normativa que regula cada curso.





2 Requisitos de acceso nos cursos de especialización

Para poder solicitar un curso de especialización a persoa solicitante terá que estar en posesión da titulación de grao medio ou de grao superior de formación profesional establecida no real decreto polo que se regula cada curso.

Para os cursos de especialización que se ofertarán en Galicia no próximo curso os títulos que permiten o acceso son os seguintes:

| Familia profesional do curso de especialización | Código e nome do curso de especialización Duración en horas | Código e nome do ciclo que lle dá acceso | |
|---|--|--|--|
| | | Código | Nome |
| Electricidade e electrónica | CMELE50 Implementación de redes 5G 300 horas | CMELE01 | Instalacións eléctricas e automáticas |
| | | CMELE02 | Instalacións de telecomunicacións |
| | | CMIFC01 | Sistemas microinformáticos e redes |
| | CSELE51 Ciberseguridade en contornos das tecnoloxías de operación 720 horas | CSELE01 | Sistemas electrotécnicos e automatizados |
| | | CSELE02 | Sistemas de telecomunicacións e informáticos |
| | | CSELE03 | Automatización e robótica industrial |
| | | CSELE04 | Mantemento electrónico |
| | | CSIMA03 | Mecatrónica industrial |
| | | CSELE03 | Automatización e robótica industrial |
| | | CSENA02 | Energías renovables |
| Fabricación mecánica | CSFME50 Fabricación aditiva 600 horas | CSEOC01 | Proxectos de edificación |
| | | CSEOC02 | Proxectos de obra civil |
| | | CSFME01 | Programación da produción en fabricación mecánica |
| | | CSFME02 | Construcións metálicas |
| | | CSFME03 | Deseño en fabricación mecánica |
| | | CSFME04 | Programación da produción en moldeamento de metais e polímeros |
| | | CSHOT04 | Dirección de cociña |
| | | CSIMP04 | Caracterización e maquillaxe profesional |
| | | CSIMS03 | Animacións 3D, xogos e contornos interactivos |
| | | CSMAM01 | Deseño e amoblamento |
| | | CSSAN01 | Audioloxía protésica |





| Familia profesional do curso de especialización | Código e nome do curso de especialización Duración en horas | Código e nome do ciclo que lle dá acceso | |
|---|---|--|--|
| | | Código | Nome |
| | | CSSAN03 | Ortoprótese e produtos de apoio |
| | | CSTCP01 | Patronaxe e moda |
| | | CSTCP02 | Deseño e produción de calzado e complementos |
| | | CSTCP03 | Vestuario a medida e de espectáculos |
| | | CSTCP04 | Deseño técnico en téxtil e pel |
| | | CSTMV01 | Automoción |
| Hostalaría e turismo | CMHOT50 Panadaría e bolaría artesanais 600 horas | CMCOM02 | Comercialización de produtos alimentarios |
| | | CMHOT01 | Cociña e gastronomía |
| | | CMINA01 | Panadaría, repostaría e confeitaría |
| | | CSHOT04 | Dirección de cociña |
| Imaxe e son | CSIMS50 Audiodescrición e subtitulación 500 horas | CSIMS01 | Produción de audiovisuais e espectáculos |
| | | CSIMS02 | Realización de proxectos audiovisuais e espectáculos |
| Informática e comunicacións | CSIFC50 Ciberseguridade nos contornos das tecnoloxías da información 720 horas | CSELE02 | Sistemas de telecomunicacións e informáticos |
| | | CSELE04 | Mantemento electrónico |
| | | CSIFC01 | Administración de sistemas informáticos en rede |
| | | CSIFC02 | Desenvolvemento de aplicacións multiplataforma |
| | | CSIFC03 | Desenvolvemento de aplicacións web |
| | CSIFC51 Desenvolvemento de videoxogos e realidade virtual 600 horas | CSIFC01 | Administración de sistemas informáticos en rede |
| | | CSIFC02 | Desenvolvemento de aplicacións multiplataforma |
| | | CSIFC03 | Desenvolvemento de aplicacións web |
| | | CSIMS03 | Animacións 3D, xogos e contornos interactivos |
| | CSIFC52 Intelixencia artificial e big data 600 horas | CSELE02 | Sistemas de telecomunicacións e informáticos |
| | | CSELE03 | Automatización e robótica industrial |
| | | CSIFC01 | Administración de sistemas informáticos en rede |
| | | CSIFC02 | Desenvolvemento de aplicacións multiplataforma |
| | | CSIFC03 | Desenvolvemento de aplicacións web |
| | | CSIMA03 | Mecatrónica industrial |





| Familia profesional do curso de especialización | Código e nome do curso de especialización Duración en horas | Código e nome do ciclo que lle dá acceso | | | |
|---|--|---|--|---|---|
| Instalación e mantemento | CSIMA50 Dixitalización do mantemento industrial 600 horas | CSELE01 | Sistemas electrotécnicos e automatizados | | |
| | | CSELE03 | Automatización e robótica industrial | | |
| | | CSELE04 | Mantemento electrónico | | |
| | | CSFME01 | Programación da produción en fabricación mecánica | | |
| | | CSFME03 | Deseño en fabricación mecánica | | |
| | | CSIMA01 | Desenvolvemento de proxectos de instalacións térmicas e de fluídos | | |
| | | CSIMA02 | Mantemento de instalacións térmicas e de fluídos | | |
| | | CSIMA03 | Mecatrónica industrial | | |
| | | CSINA02 | Procesos e calidade na industria alimentaria | | |
| | | CSQUI02 | Química industrial | | |
| | | CSQUI03 | Fabricación de produtos farmacéuticos, biotecnolóxicos e afíns | | |
| | CSIMA51 Fabricación intelixente 600 horas | | CSELE01 | Sistemas electrotécnicos e automatizados | |
| | | | CSELE03 | Automatización e robótica industrial | |
| | | | CSELE04 | Mantemento electrónico | |
| | | | CSFME01 | Programación da produción en fabricación mecánica | |
| | | | CSFME03 | Deseño en fabricación mecánica | |
| | | | CSIMA03 | Mecatrónica industrial | |
| | | CSIMA52 Modelado da información da construción (BIM) 600 horas | | CSELE01 | Sistemas electrotécnicos e automatizados |
| | | | | CSELE02 | Sistemas de telecomunicacións e informáticos |
| | | | | CSELE03 | Automatización e robótica industrial |
| | | | | CSENA01 | Eficiencia enerxética e enerxía solar térmica |
| | | | | CSENA02 | Enerxías renovables |
| | | | | CSENA03 | Centrais eléctricas |
| | | | CSENA04 | Xestión da auga | |
| | | | CSEOC01 | Proxectos de edificación | |
| | | | CSEOC02 | Proxectos de obra civil | |
| | | | CSEOC03 | Organización e control de obras de construción | |
| | | CSFME02 | Construcións metálicas | | |
| | | CSIMA01 | Desenvolvemento de proxectos de instalacións térmicas e de fluídos | | |





| Familia profesional do curso de especialización | Código e nome do curso de especialización Duración en horas | Código e nome do ciclo que lle dá acceso | |
|---|--|--|--|
| | | Código | Nome |
| | | CSIMA02 | Mantemento de instalacións térmicas e de fluídos |
| | | CSIMA03 | Mecatrónica industrial |
| Química | CSQUI50 Cultivos celulares 600 horas | CSQUI01 | Laboratorio de análise e de control de calidade |
| | | CSQUI03 | Fabricación de produtos farmacéuticos, biotecnolóxicos e afíns |
| | | CSSAN05 | Laboratorio clínico e biomédico |
| | | CSSAN06 | Anatomía patolóxica e citodiagnóstico |
| Transporte e mantemento de vehículos | CMTMV50 Mantemento de vehículos híbridos e eléctricos 650 horas | CMTMV02 | Electromecánica de vehículos automóbiles |
| | | CMTMV03 | Electromecánica de maquinaria |
| | | CMTMV04 | Mantemento de material rodante ferroviario |

3 Distribución das prazas dispoñibles

Cada curso de especialización ofertado para o curso 2021-2022 terá 20 prazas dispoñibles. Para a adxudicación de prazas no proceso de admisión a cursos de especialización establécense tres cotas de reserva:

- Cota xeral co 90% das prazas.
- Cota do 10% das prazas para persoas con discapacidade legalmente recoñecida maior ou igual ao 33% .
- Cota do 5% a maiores para deportistas de alto nivel ou alto rendemento.

As prazas reservadas ás persoas con discapacidade que non resulten cubertas acumularanse á cota xeral. A adxudicación de prazas vacantes poderase realizar desde a primeira adxudicación de prazas.

4 Criterios de prioridade e criterios de desempate

Nos centros docentes onde houber suficientes prazas dispoñibles para atender todas as solicitudes presentadas, admitiranse todas as persoas solicitantes que cumpran os requisitos de acceso que figuran no real decreto polo que se establece o curso de especialización. Só se aplicarán os criterios de prioridade no caso de que non haxa nos centros prazas suficientes para atender todas as solicitudes de ingreso.

As prazas serán adxudicadas aos solicitantes de cada cota que cumpran o requisito de acceso, ordenadas de maior a menor nota media da titulación. Empregarase a nota media que figura no





título que dá acceso aos cursos de especialización. De non constar nota media do título, calcularase a nota media con dous decimais de todas as materias ou módulos que formen parte da titulación.

No caso de que exista empate entre varias persoas que soliciten un mesmo curso de especialización, e co obxectivo de favorecer o fomento das vocacións nas áreas con infrarrepresentación de mulleres ou homes, seleccionárase en virtude do sexo menos representado no curso de especialización na matrícula de formación profesional do curso 2020-2021 en que se demande a praza de formación, segundo o disposto na seguinte táboa.

| Curso de especialización | Sexo preferente en caso de empate |
|--|-----------------------------------|
| Implementación de redes 5G | Muller |
| Ciberseguridade en contornos das tecnoloxías de operación | Muller |
| Fabricación aditiva | Muller |
| Panadaría e bolaría artesanais | Muller |
| Audiodescrición e subtítulos | Muller |
| Ciberseguridade en contornos das tecnoloxías da información | Muller |
| Desenvolvemento de videoxogos e realidade virtual | Muller |
| Intelixencia artificial e big data | Muller |
| Dixitalización do mantemento industrial | Muller |
| Fabricación intelixente | Muller |
| Fabricación intelixente Modelado da información da construción (BIM) | Muller |
| Cultivos celulares | Home |
| Mantemento de vehículos híbridos e eléctricos | Muller |

De persistir o empate, este resolverase atendendo ao publicado na Resolución do 25 de febreiro de 2021 da Dirección Xeral de Centros e Recursos Humanos pola que se fai público o resultado do sorteo a que fai referencia o artigo 29 da Orde do 12 de marzo de 2013.

Consonte o resultado do sorteo, serán as letras **W** e **S** as de prioridade que afectan ao primeiro apelido, e as letras **B** e **F** as que afecten o segundo apelido, para os efectos de resolución do desempate na orde de admisión do alumnado nos centros docentes sostidos con fondos públicos no curso 2021-2022.

5 Prazo de inscrición

O prazo de presentación de solicitudes de admisión de cursos de especialización de formación profesional para o curso 2021-2022 será do **25 de xuño ás 9.00 horas ata as 13:00 horas do 5 de xullo**.





6 Presentación de solicitudes

Deberase cubrir unha única solicitude na que se poderá optar a dous cursos de especialización como máximo, utilizando o asistentente web dispoñible en www.edu.xunta.gal/fp. A aplicación avisará no caso de que fose necesario achegar documentación, que poderá engadirse en soporte electrónico. Non será necesario presentar o resguardo da solicitude nin a documentación nun centro, agás que a aplicación o indique. Neste caso, para ser unha solicitude válida terá que ser entregada, xunto coa documentación necesaria, en calquera centro de Galicia con oferta de cursos de especialización sostido con fondos públicos para ser selada, datada e validada.

No caso de se detectar erros na instancia validada, e só durante o prazo de presentación de solicitudes, poderán xerarse e validarse outra/s solicitude/s de admisión. Só se considerarán os datos da derradeira solicitude válida.

De ser necesaria a entrega, xunto coa documentación, nun centro educativo, poderase presentar a solicitude, cuberta mediante o asistente informático e asinada, en sobre aberto en calquera oficina de Correos, para ser remitida por correo certificado co selo de Correos coa data de entrega, lugar, hora e nome da oficina (artigo 31 do Real decreto 1829/1999), e a persoa solicitante pedirá explicitamente que se fagan constar as circunstancias do envío, logo da comparación co documento de identidade, segundo o referido artigo. A solicitude irá dirixida ao centro onde se oferte o curso de especialización para o que solicita a admisión en primeira opción. A documentación presentada que non sexa orixinal deberá estar compulsada; tamén se deberá incluír unha copia simple do documento de identidade. Será necesario remitir, nos prazos de admisión, unha copia da documentación presentada e selada mediante correo electrónico ao centro ao que vaia dirixida a solicitude. Os enderezos electrónicos dos centros poden consultarse en:

<https://www.edu.xunta.es/centroseducativos/>

Para presentar a solicitude de inscrición para cursos de especialización hai que ter en conta o seguinte:

- Unicamente poderá presentar a solicitude de admisión quen cumpra os requisitos de acceso no momento da inscrición.
- Se a persoa solicitante presenta máis dunha solicitude, non se terá en conta ningunha petición.
- As persoas que participen no procedemento de admisión e matrícula para os cursos de especialización tamén poderán realizar a solicitude de admisión a ciclos formativos e a FP dual.
- As persoas admitidas (seleccionadas) para un curso de especialización quedarán excluídas do proceso de admisión a ciclos formativos no réxime ordinario, no réxime para as persoas adultas e en FP dual. No caso de non seren admitidas (seleccionadas) en ningún curso de especialización poderán continuar no proceso de admisión a ciclos formativos e a FP dual





- Estar matriculado/a en ESO, bacharelato ou FP (incluída a FCT) ou ter unha praza adxudicada de FP dual ou dun curso de especialización de FP, implica a exclusión dos procesos de admisión a ciclos formativos e a cursos de especialización.

7 Documentación complementaria

Nos procesos centralizados de admisión o asistente informático indica a documentación que é necesario presentar cando a Administración non dispoña dela ou non sexa posible a súa consulta nos sistemas informáticos.

Cando os estudos requiridos para o acceso a ciclos se realizasen en centros sostidos con fondos públicos da Comunidade Autónoma de Galicia e en ensinanzas ao abeiro da Lei orgánica 2/2006, do 3 de maio, de educación, non cumprirá a achega da documentación relativa aos requisitos de acceso, agás nos casos en que a Administración educativa así o demande.

Cando o asistente web ou a administración educativa así o solicite, será necesario entregar xunto coa solicitude:

- DNI ou NIE. Cando non se dispoña del, copia do pasaporte ou do documento de identificación da Unión Europea.
- No caso de non ter realizados os estudos que dan acceso no ámbito da comunidade autónoma de Galicia, ao abeiro da Lei orgánica 2/2006, do 3 de maio, de educación, certificación académica da titulación requirida para o acceso en que conste o expediente académico e o depósito do título.
- Para persoas que teñan recoñecida unha discapacidade, documento de acreditación de tal condición, no caso de que non fose recoñecida en Galicia ou cando a persoa solicitante non autorice a súa consulta.
- Para deportistas de alto nivel ou rendemento, documento de acreditación desta condición.





8 Información e publicación de listaxes

Toda a información e a documentación do proceso de admisión a cursos de especialización estará dispoñible no enderezo web www.edu.xunta.gal/fp.

Nas datas establecidas, as relacións provisionais e definitivas de persoas solicitantes, así como a relación de persoas admitidas e en espera serán publicadas na páxina web de formación profesional. Así mesmo, os centros publicarán as súas listaxes no taboleiro de anuncios.

9 Prazo ordinario de presentación de solicitudes

As secretarías dos centros docentes, ademais de recoller as solicitudes para a admisión a ciclos formativos, enviarán os datos á Subdirección Xeral de Formación Profesional polo medio que esta dispoña, **do 25 de xuño ata as 14:00 horas do día 5 de xullo**.

10 Listaxe provisional de solicitudes e reclamacións

O **día 7 de xullo** publicaranse as relacións provisionais de persoas solicitantes admitidas e excluídas para os cursos de especialización.

Establécese un **prazo de reclamacións** desde o **día 7 ás 9:00 horas ao 9 de xullo ás 13:00 horas**.

Os centros terán de prazo ata o día 9 de xullo ás 14:00 horas para cargaren na aplicación informática os datos coas modificacións xurdidas das reclamacións.

11 Listaxe definitiva de solicitudes

O **día 20 de xullo** publicaranse as relacións definitivas de persoas solicitantes admitidas e excluídas para os cursos de especialización.

12 Adxudicación de prazas e matrícula

O **día 20 de xullo** publicarase a relación de persoas admitidas e en espera en cada curso de especialización. As persoas admitidas deberanse matricular ou renunciar no prazo abranguido desde o **día 20 ás 9.00 horas ao día 26 de xullo ás 13.00 horas**. De non facelo perderán os dereitos sobre a matrícula das prazas adxudicadas.

No caso de que algunha persoa con praza adxudicada renuncie a ela ou non se matricule e nese curso de especialización haxa listaxe de espera, o centro procederá a chamar as persoas que se atopen na lista de espera polo proceso de adxudicación continuada descrito nas instrucións xerais do proceso de admisión de FP para réxime ordinario e para o réxime para as persoas adultas.





13 Liberación de prazas

A Secretaría Xeral de Educación e Formación Profesional poderá liberar as prazas vacantes dos cursos de especialización ata o 30 de setembro ás 13:00 horas para o alumnado que acredite os requisitos de acceso.

A relación dos ciclos formativos coa condición de liberados e o número de prazas dispoñibles en cada un deles poderase consultar na páxina web de formación profesional.

14 Remate do procedemento de admisión e matrícula

O proceso de matriculación rematará en todo caso o día **8 de outubro**. A partir desta data, non se producirá matriculación ningunha sen autorización expresa da Secretaría Xeral de Educación e Formación Profesional.

15 Número mínimo de solicitudes de matrícula

Consonte a normativa que regula a oferta formativa de ciclos de formación profesional e cursos de especialización, no caso de non acadarse o número mínimo de solicitudes de matrícula de primeira opción no período ordinario non se poderán realizar matrículas nin impartir o curso de especialización sen a autorización expresa da Secretaría Xeral de Educación e Formación Profesional.

16 Acceso mediante titulacións estranxeiras

Debido ás especiais características destas ensinanzas, para xustificar os requisitos de acceso só será válida a credencial definitiva de homologación. Para a adxudicación de prazas empregarase a nota media reflectida nela. No caso de non ter reflectida nota media na credencial definitiva de homologación consignaráselles unha nota de cinco puntos.

17 Normativa relacionada

- Real decreto 1147/2011, do 29 de xullo, polo que se establece a ordenación xeral da formación profesional do sistema educativo.
- Decreto 114/2010, do 1 de xullo, polo que se establece a ordenación xeral da formación profesional do sistema educativo de Galicia.
- Orde do 15 de xuño de 2016 pola que se regula o procedemento de admisión do alumnado nos centros docentes sostidos con fondos públicos para impartir ciclos formativos de formación profesional de grao medio e de grao superior en réxime ordinario e para persoas adultas.





- Orde do 17 de xuño de 2021, pola que se actualiza a oferta de formación profesional dual e de cursos de especialización en centros públicos da Comunidade Autónoma de Galicia para o curso académico 2021-2022.
- Real decreto 478/2020, do 7 de abril, por el que se establece el Curso de especialización en ciberseguridad en entornos de las tecnologías de operación y se fijan los aspectos básicos del currículo.
- Real decreto 479/2020, do 7 de abril, por el que se establece el Curso de especialización en ciberseguridad en entornos de las tecnologías de la información y se fijan los aspectos básicos del currículo.
- Real decreto 480/2020, do 7 de abril, por el que se establece el Curso de especialización en digitalización del mantenimiento industrial y se fijan los aspectos básicos del currículo.
- Real decreto 481/2020, do 7 de abril, por el que se establece el Curso de especialización en fabricación inteligente y se fijan los aspectos básicos del currículo, y se modifican el Real Decreto 93/2019, de 1 de marzo, y el Real Decreto 94/2019, de 1 de marzo, por los que se establecen dos cursos de especialización y los aspectos básicos del currículo.
- Real decreto 93/2019, 1 de marzo, por el que se establece el Curso de especialización en cultivos celulares y se fijan los aspectos básicos del currículo, y se modifica el Real Decreto 74/2018, de 19 de febrero, por el que se establece el título de Técnico en montaje de estructuras e instalación de sistemas aeronáuticos y se fijan los aspectos básicos del currículo.
- Real decreto 482/2020, de 7 de abril, por el que se establece el Curso de especialización en panadería y bollería artesanales y se fijan los aspectos básicos del currículo, y se modifica el Real decreto 651/2017, de 23 de junio, por el que se establece el Título de Técnico Superior en Acondicionamiento Físico y se fijan los aspectos básicos del currículo.
- Real decreto 94/2019, de 1 de marzo, por el que se establece el Curso de especialización en audiodescripción y subtitulación y se fijan los aspectos básicos del currículo.
- Real decreto 279/2021, de 20 de abril, por el que se establece el Curso de especialización en Inteligencia Artificial y Big Data y se fijan los aspectos básicos del currículo.
- Real decreto 281/2021, de 20 de abril, por el que se establece el Curso de especialización en Mantenimiento de vehículos híbridos y eléctricos y se fijan los aspectos básicos del currículo.
- Real decreto 263/2021, de 13 de abril, por el que se establece el Curso de especialización en Modelado de la información de la construcción (BIM) y se fijan los aspectos básicos del currículo.
- Real decreto 261/2021, de 13 de abril, por el que se establece el Curso de especialización en Desarrollo de videojuegos y realidad virtual y se fijan los aspectos básicos del currículo, se modifican diversos reales decretos por los que se establecen cursos de especialización y los aspectos básicos del currículo y se corrigen errores del Real Decreto 283/2019, de 22 de abril y del Real Decreto 402/2020, de 25 de febrero, por los que establecen los títulos y los aspectos básicos del currículo.





- Real decreto 262/2021, de 13 de abril, por el que se establece el Curso de especialización en Implementación de redes 5G y se fijan los aspectos básicos del currículo.
- Real decreto 280/2021, de 20 de abril, por el que se establece el Curso de especialización en Fabricación aditiva y se fijan los aspectos básicos del currículo.

